

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 12 DE DECEMBRO DE 2005

### **1.- Solicitudes de licencias de obras.**

Favorables.-

1805/05.- Manuel Pareja Morales.- Legaliz. viv. unif. executada na R/ Betanzos núm.64.-  
2721/05.4.- Brea Motor, S.A.- Legaliz. modificacións executadas na obra de construción de nave na parcela 45, Zona "D" do Sector 1 do SUNP-37 de Costa Vella.-

### **2.- Proposta do Concelleiro Delegado de Parques e Xardíns relativa á cesión do contrato de prestación do servizo de conservación e mantemento do Parque de Brandía.**

Autorízase a cesión do contrato de referencia a favor da empresa Aspas Emprego SL que se subrogará en todos os dereitos e obrigas do cedente, a Asociación Aspas.

### **3.- Subministro de servidores blade para a cabina existente no centro de proceso de datos do Concello.**

Adxudícase a licitación de referencia á empresa Softgal por importe de 25.600 euros.

### **4.- Proposta do Concelleiro Delegado de Seguridade Cidadá relativa á adxudicación do subministro de vestiario para o persoal do servizo de extinción de incendios.**

Adxudícase a licitación de referencia á empresa Iturri por importe de 23.268,71 euros.

### **5.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes para a prórroga do Convenio suscrito coa Xunta de Galicia relativo a subministración de enerxía eléctrica para as dependencias do estadio Multiusos de San Lázaro.**

Acórdase prorrogar por un ano do convenio actualmente en vigor.

### **6.- Proposta do Concelleiro Delegado de Parques e Xardíns para a prórroga do contrato de prestación do servizo de conservación e mantemento de zonas verdes do Concello.**

Prorrógase o contrato suscrito coa empresa Cespa, Compañía Española de Servizos Públicos Auxiliares, SA para a prestación do servizo de referencia por un novo período que finalizará o 15 de xaneiro de 2006.

### **7.- Proposta da Concelleira Delegada de Reforma Administrativa para a adxudicación da subministración dunha cabina de discos hp storageworks msl6030.**

Adxudícase a subministración de referencia á empresa Escribano Levante SL por importe de 11.267,45 euros.

### **8.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa á sinatura do Convenio entre o Concello e a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia para a inserción social e laboral de persoas desfavorecidas.**

Acórdase a sinatura do devandito convenio para o ano 2006 polo que a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar achega 77.700 euros (cofinanciado polo Fondo Social Europeo) coa finalidade de que poida estar operativo a primeiros de xaneiro do próximo ano.

**9.- Acordo relativo á sanción imposta pola Dirección Xeral de Produción Industrial e calidade agroalimentaria da Consellería do Medio rural.**

Dase conta da sanción de 3.000 euros imposta ao Concello pola devandita Dirección Xeral pola comisión dunha infracción leve en materia de sanidade animal, sanción que será repercutida á empresa TRAP S.A., concesionaria do recinto feiral de Amio. A sanción refírese á reiterada falta de comunicación do destino de moitas reses que saen do devandito recinto feiral.

**URXENCIAS.-**

-A proposta da concelleira de Benestar Social acórdase adxudicar á empresa GESTETNER polo importe de 11.000 euros (IVE incluído) o subministro de unha fotocopiadora para o devandito departamento.

-En relación co acordo da Xunta de Goberno do 28 de novembro de 2005 no que se concedera licenza á Deputación Provincial da Coruña para a rehabilitación do edificio situado na rúa Pelamios nº 11, co obxecto de adicalo a centro para a Asociación de Veciños, e detectado que por erro non fora incluído no acordo a necesidade de que a devandita entidade presente proxecto de sondaxes arqueolóxicas valorativos antes o inicio da obra, acórdase subsanar dito acordo quedando condicionado o outorgamento da licenza e o inicio das obras á presentación dun proxecto de sondaxes arqueolóxicas na parcela afectada.

-A proposta do concelleiro de Facenda apróbbase a contratación da prestación de servizo do Departamento de Economía Aplicada da Universidade de Vigo para a realización do “Estudio demanda e tarifas do subministro municipal de augas: unha aproximación á realidade municipal galega” polo importe de 11.900 euros (máis IVE).